

PROGRAMA

LUNS 6

OURENSE 20:30 **TEATRO PRINCIPAL**
Cerimonia de apertura do Festival

MARTES 7

BANDE 20:30 **Festival na Praza da Constitución**

TRIVES 22:30 **Festival no Colexio Santa Leonor**

MÉRCORES 8

O CARBALLIÑO 22:30 **Festival na Praza Maior**

MANZANEDA 22.30 **Festival no Patio do Colexio**

XOVES 9

O BARCO 22:30 **Festival no Parque do Malecón**

ALLARIZ 23:00 **Festival no Campo da Barreira**

VENRES 10

A RÚA 22:30 **Festival no Parque do Aguillón**

MACEDA 22.30 **Festival na Praza das Toldas**

SÁBADO 11

C. CALDELAS 22:30 **Festival na Praza do Prado**

CELANOVA 20:30 **Festival no Claustro do Mosteiro**

DOMINGO 12

VIANA DO BOLO 22:30 **Festival na Praza Maior**

XINZO DE LIMIA 20:00 **Desfile: Parque do Toural - Pza. Carlos Casares**

XINZO DE LIMIA 20:30 **Festival na Pza. Carlos Casares**

LUNS 13

OURENSE 22:30 **Desfile: Parque de S. Lázaro - Pza. Maior**

OURENSE 23:00 **Festival na Praza Maior**

MARTES 14

ENTRIMO 20:30 **Festival na Alameda**

VERÍN 22:30 **Festival na Praza Maior**

MÉRCORES 15

RIBADAVIA 23:00 **Festival no Auditorio do Castelo**



XXXV Jornadas de Folclore



ORGANIZA



Teatro Principal de Ourense



PATROCINAN



XUNTA DE GALICIA



DIRECCIÓN

Olga Mojón Costela

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Xulio Fernández Senra

SECRETARÍA

Fco. Javier Álvarez Campos

XORNADAS DE FOLCLORE

Apdo. de Correos 484
32080 Ourense - España
Telf./Fax: 00 34 988 318880
xornadasfolclore@depourense.es

VILA FOLCLÓRICA

Centro Residencial Docente
Universidade Laboral
Avda. da Universidade, s/n
A Cuña - Mariñamansa - Ourense

XXXV Jornadas de folclore

6-16 AGOSTO
2018



GRUPOS PARTICIPANTES

BIELORUSIA
Belaya Rus

SUDÁFRICA
Amazebra

UCRAÍNA
Poltava

ARGENTINA
Calden Gaucho

TAHITÍ
Hei Show
Tamure

COLOMBIA
Danzar

Foto: Alvaro Vaquero

OURENSE • A RÚA • ALLARIZ • BANDE • CASTRO CALDELAS • CELANOVA
ENTRIMO • MACEDA • MANZANEDA • O BARCO • O CARBALLIÑO
RIBADAVIA • TRIVES • VERÍN • VIANA DO BOLO • XINZO DE LIMIA



AMA-ZEBRA (Folklore Dance Ensemble) é membro dunha organización nacional, a Asociación Sudafricana de Festas Tradicionais (SATFA), membro do CIOFF e FIDAF África do Sur. Naceu en 1994, ano en que Sudáfrica obtivo o primeiro goberno democrático liderado polo Presidente Nelson Mandela. Nos últimos anos, o grupo ofrece oportunidades para mozos sudafricanos que buscan artes creativas que van desde a base até a excelencia profesional. Constituído por 30 artistas orixinais de Ntuzuma na Rexión de Durban, no reino de Kwa-Zulu Natal, teñen unha formación multidisciplinar nos campos da música, canto e baile tradicionais. A súa primeira xira internacional foi en España e Portugal, e desde entón teñen representado o seu país en festivais mundiais de diferentes países tais como o Reino Unido, Portugal, España, Hungría, Alemaña, Taiwán, EUA, Francia, Eslovaquia, Croacia ou Italia.

A **Compañía Artística Danzar** chéganos da cidade de Cali, Colombia, onde foi creada no ano 2005 para fomentar formación artística na arte e cultura tradicionais en rapaces, mozos e adultos. Nos seus espectáculos presentan as súas coreografías acompañadas dun colorido vestiario e alcanzando o máis alto nivel na música e danza tradicional do seu país. Con innumerábeis actuacións por toda Colombia, teñen representado o seu país nos maiores festivais mundiais de folclore, visitando países tais como Ecuador, Perú, Venezuela, Cuba, México, Italia, España, Francia, Holanda, Bélxica, Alemaña e Portugal.



O **Ballet Caldén Gaucho** procede da cidade de Santa Rosa na Arxentina, sendo un grupo de recente creación, do 2014. Está composto por 30 persoas conformado por bailaríns, músicos e asistentes de distintas provincias do país como La Pampa, Buenos Aires e Santiago del Estero. Teñen como obxectivo difundir a música e a danza do folclore Arxentino. O repertorio do ballet baséase en bailes típicos e tradicionais da súa rexión e de todo o país, sendo os máis coñecidos e apreciados, o malambo, o tango e boleadoras. Durante a súa breve existencia, xa teñen representado o seu país nos maiores festivais internacionais na Corea do Sur, Grecia, México, España e Portugal.

O grupo **Hei Show Tamure** procedente da cidade francesa de Toulon, conta con máis de 150 integrantes na súa asociación e escola de danza. Esta formación está constituída pola comunidade de Tahití residente no sur de Francia, e entre os seus obxectivos principais destaca o de conservar, transmitir, difundir e promover a cultura polinesa. Mediante o arduo traballo e perseverancia, o grupo adquiriu ao longo dos anos unha alta calidade artística, pero a sede de aprendizaxe e de mellora no seu nivel artístico, fan que os membros do grupo non cesen de evolucionar. Despois de varias participacións en festivais de toda Europa (Francia, Alemaña, Inglaterra, España e Portugal) senten que o Ori Tahití (ou danza taihítiana) segue a ser un gran descoñecido no vello continente e que o seu labor de dalo a coñecer ten sentido.



O grupo de música e danza folclórica **BELAYA RUS** (Rusia branca), creado no Palacio da Cultura Xuvenil de Minsk en 1946, apoia a gloria da coreografía bielorrusa. O grupo homenaxea as mellores tradicións do folclore bielorruso, que enriquecen o contido do programa e constitúen a base da arte popular. O repertorio do grupo ten como base os bailes de diversas rexións da Bielorrusia, que destacan polas súas tradicións, carácter, desempeño e espectro de cores dos traxes. O éxito creativo e os recoñecementos en varios concursos e festivais están ligados ao esforzo, traballo e posta en escena dos espectáculos creados por este grupo. A súa orquestra está constituída por 8 brillantes músicos que tocan os instrumentos tradicionais do país: cimbalo, acordeón, violíns, bayan, etc. Na súa dilatada existencia, tanto no período da Unión Soviética como no de Bielorrusia independente, representou o seu país en festivais na Alemaña, Bélxica, España, Grecia, Holanda, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, USA, etc.

O Grupo **Poltava** procede da cidade canadense de Regina e está formado por 50 membros descendentes de emigrantes ucrainos, nos que se inclúen bailaríns, músicos e cantores. A súa orixe data de 1922, ano no que se creou unha orquestra de cordas infantil e desde entón ten crecido para incluír o grupo de baile, cantores, así como ampliar o grupo musical. Ten un elevado nivel de formación técnica en danza Ucraína, pero tamén noutros tipos de danza como clásica e folk. O seu repertorio é único, no que se inclúen bailes do seu país, pero tamén representa a cultura dalgúns países fronteirizos e con quen comparten tradicións e cultura, tais como Rusia, Moldavia, etc. O resultado é un espectáculo multicultural que celebra a beleza do espírito humano. Ten actuado en varias ocasións en canais televisivos, en festivais de folclore de diferentes países, así como en parques como Walt Disney World na Florida.

